

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Modificación réxime adicación cargo alcaldía

### ANUNCIO

#### MODIFICACIÓN RÉXIME ADICACIÓN CARGO ALCALDÍA

Dáse publicidade aos pronunciamentos do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada con data 28 de agosto de 2024:

“**Primeiro.**- Modificar o réxime de adicación da responsabilidade polo exercizo do cargo de Alcalde-Presidente segundo acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 5 de xullo de 2023, pasando a ter asignada unha adicación parcial con efectos 01.09.2024.

**Segundo.**- Proceder a modificar o réxime retributivo en adicación parcial polo desenvolvemento da responsabilidade de Alcalde-Presidente do seguinte xeito:

Réxime de adicación	Porcentaxe de adicación	Importe bruto anual (12 mensualidades)	Importe bruto mensual
Parcial	50% da xornada en cómputo anual	24.000,00 €	2.000,00 €

Exclúense destes importes os trienios aos que no seu caso teñan dereito por atoparse en situación de servizos especiais.

As retribucións percibiranse en doce mensualidades de igual contía.

O/A Alcalde/sa percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

As contías asignadas como retribucións por adicacións parciais experimentarán o incremento que as Lei de Orzamentos Xerais do Estado establezan para o sistema retributivo do persoal ao servizo da Administración.

**Terceiro.**- O presente acordo surtirá efectos a partir do 01.09.2024 sen prexuízo da súa publicación no BOP de A Coruña, na páxina web municipal (de acordo co establecido no art.32 do ROM) e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no Portal de Transparencia.”

Mugardos, 30 de agosto de 2024.

A Primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica.

(Delegación RA núm. 2023-0615, de 26 de xuño de 2023)

Ana María Varela Bastida

2024/6164